

11 Junio. 1973

□ BERCE

A Region

Quintela do Pando e Neves

Quintela do Pando é un pobo moi preto de Viana. Quintela é un pobo bonito que está nun cumio dende que se ollan unha paisaxe de postal... O encoro de Viana está ó fondo e contéplanse desde Quintela os pobos, serras e vales. Pero non somentes isto xa que Neves é desta aldea. ¿Quén é Neves? Neves é unha moza nova, ex-alumna do colexio Bibei. Está casada, nai de dous fillos pequenos que asisten ó mesmo centro educativo ó que foi a súa nai. Neves é unha dona de casa. Ata aquí normal. O importante ven agora. Neves compaxina o seu traballo de gardar as súas obras co desenrolo das súas facultades artísticas. Non sabemos de dónde saca a súa creatividade, que é bastante asombrosa.

Traballa a madeira que é un primor. Fai estatuas, cadeiras, preiros, meigas, trasgos. Ten unha colección de instrumentos que soio véndooos. Pinta, dalle ás ceras, ás acuarelas, ó óleo; ten un nacemento a tamaño natural de madeira que é unha virguería. Un pelegrín que ven con sombreiro e demais feito de boullacas que chama a atención. Somentes véndoo non se che esquece en tanta variadísima obra como ten Neves metida nun garaxe. Hai moita xente que se achegou a este

lugar para ver tanta orixinalidade. Neves é unha artista innata.

Nós pedimos que se lle dé unha oportunidade a esta veciña nosa para que se lle den as técnicas oportunas mediante un cursiño pagado, ou o que lle veña ven para perfeccionamento si elo fose posible. Igual estamos perdendo un xenio tan pretillo de nós. A oportunidade de igualdades parece que non reza neste caso. Facemos un chamamento ó Concello, a Cultura para que boten unha man a esta artista perdida no seu bucolismo.

O Castelo de Viana, din que rexeitado para Museo Etnográfico, vai máis de dous anos que está pechado tendo tanta abondosa materia para estar aberto ó público e poder contemplar tanta variedade de arte. Lémbrense da exposición do colexio Bibei. Os rapaces nuns días foron capaces de acadar os máis dispares obxectos antigos dignos de estar no castelo. Se non se aproveitan os millóns gastados ¿para qué se fan istos dispendios? Neves, ¡vai para ti a nosa norabóia máis agarimosa polo teu traballo, pola túa creatividade e porque eres unha artista e non mereces estar tan soia no teu arte, e tan esquecida!